

**Estamento de Clubs:**

- 1.- A.C.D. Albatros  
(Representa: D. Miguel Ángel Reboredo Otero)
- 2.- Círculo Ferrolano de Ajedrez  
(Representa: D. Juan V. Rodríguez Rey).
- 3.- Círculo Xadrez Narón  
(Representa: D. Santiago Paz Pérez)
- 4.- Club de Ajedrez Recatelo  
(Representa: D. Antonio Nieto Velado)
- 5.- Club de Iniciativas Deportivas Universitarias  
(Representa: D. Daniel Codesido Sánchez).
- 6.- Club La Algalia  
(Representa: D. Jose Carlos Pena Torres)
- 7.- Club Xadrez Brétema  
(Representa: D. Jesús Rodríguez Pérez)
- 8.- Club Xadrez Cabo Touriñán  
(Representa: D. Santiago Pérez Haz)
- 9.- Club Xadrez Das Mariñas  
(Representa: D. Francisco Javier García Veiras)
- 10.- Club Xadrez Fontecarmoa  
(Representa: D. Manuel Suárez Vallejo)
- 11.- Club Xadrez Mos  
(Representa: D. César Pérez Novás)
- 12.- Clube Escola de Xadrez Guillán  
(Representa: D. Iago García Outeiro)

**Estamento de Deportistas:**

- 13.- D. Ángel Francisco Vilas Fernández
- 14.- D. Carlos A. Reboredo Otero
- 15.- D. Jose M<sup>a</sup> Dorado Reboredo.
- 16.- D. Lino Hermida Araújo
- 17.- D<sup>a</sup>. Mirian Gómez Andrés.

**Estamento de Adestradores:**

- 18.- D. Diego A. Espiñeira González
- 19.- D. Pablo Castro Girona

**Estamento de Adestradores:**

- 20.- D. Francisco J. Ogando González

**Membros da Xunta Directiva:**

- 21.- D. Gaspar Pérez Carnero (Presidente)

En Vigo, sendo ás 17:30 horas do 30 de Abril de 2022, en segunda convocatoria, e coa asistencia dos asembleístas citados na marxe, e cá presenza do Sr. Presidente da Federación Galega de Xadrez celébrase a Asemblea Xeral Ordinaria da FEGAXA, coa seguinte

**Orde do Día:**

1. Acta da Asemblea anterior. Aprobación, se procede.
2. Memoria Deportiva 2021. Aprobación, se procede.
3. Contas anuais 2021. Aprobación, se procede.
4. Cotas licenzas deportivas 2023. Aprobación, se procede.
5. Proposta modificación liga galega. Análise da liga galega e outras competicións por equipos.
6. Rogos e preguntas.

Publicada previamente na páxina web da Federación (www.fegaxa.org), iníciase a mesma seguindo os puntos da orde do día.

Así mesmo, entrégase copia dos documentos aos asistentes.

Intervén como moderador D. Ángel Francisco Vilas Fernández (Vpte. FEGAXA).

1. **Acta da asemblea anterior. Aprobación, se procede.**

Publicada na web federativa con anterioridade copia do acta anterior e comentada se hai alguna dúbida ou cuestión ao respecto, realízase a votación.

Votos a favor: 18

Abstencións: 1

Ausencias: 2

2. **Memoria Deportiva 2021. Aprobación, se procede.**

Publicada na páxina web federativa con anterioridade e entregada a cada asistente en



formato CD, comentada polo Sr. Presidente, pásase á votación.

Votos a favor: 18

Abstencións: 1

Ausencias: 2

### 3. Contas anuais 2021. Aprobación, se procede.

Publicadas na páxina web federativa con anterioridade.

Explicada detalladamente polo Sr. Presidente: balance de situación, perdas e ganancias, memoria económica.

#### BALANCE DE SITUACIÓN

FEDERACIÓN GALLEGA DE AJEDREZ

Periodo: 01-01-2021 / 31-12-2021; Periodo N-1: 01-01-2020 / 31-12-2020.-

Fecha:31-12-2021

(Importes en euros)

ACTIVO			
DESCRIPCIÓN	Ejercicio 2021	Ejercicio 2020	
<b>A) ACTIVO NO CORRIENTE.</b>	<b>5.551,27</b>	<b>8.329,58</b>	
II. Inmovilizado material.	5.551,27	8.329,58	
21. Inmovilizaciones materiales.	69.818,54	61.518,81	
281. Amortización acumulada del inmovilizado material.	- 64.267,27	- 53.169,23	
<b>B) ACTIVO CORRIENTE.</b>	<b>34.708,48</b>	<b>36.085,24</b>	
II. Deudores por operaciones de actividad entidades deportivas.	2.665,00	3.634,00	
1. Afiliados y otras entidades deportivas.	2.665,00	1.284,00	
431. Clubes y entidades deportivas por licencias.	2.284,00	1.197,00	
433. Federados y entidades deportivas.	381,00	87,00	
3. Otros deudores.		2.250,00	
44. Deudores varios, entidades públicas.		2.250,00	
VI. Efectivo y otros activos líquidos equivalentes.	32.043,48	32.551,24	
57. Tesorería.	32.043,48	32.551,24	
<b>TOTAL ACTIVO.</b>	<b>40.259,75</b>	<b>44.414,82</b>	

PATRIMONIO NETO Y PASIVO			
DESCRIPCIÓN	Ejercicio 2021	Ejercicio 2020	
<b>A) PATRIMONIO NETO.</b>	<b>38.708,85</b>	<b>43.043,72</b>	
A-1) Fondos propios.	38.708,85	43.043,72	
I. Fondo social.	43.043,72	40.993,13	
1. Fondo social estatuario.	43.043,72	40.993,13	
101. Fondo social Federación Galega de Xadrez.	43.043,72	40.993,13	
VII. Resultado del ejercicio.	- 4.334,87	2.050,59	
129. Resultado del ejercicio.	- 4.334,87	2.050,59	
<b>B) PASIVO CORRIENTE.</b>	<b>1.550,90</b>	<b>1.371,10</b>	
IV. Acreedores comerciales y otras cuentas a pagar.	1.550,90	1.371,10	
2. Otros acreedores.	1.550,90	1.371,10	
41. Acreedores varios.	845,16	576,11	
438. Anticipos de entidades deportivas.	213,00		
475. Hacienda Pública, acreedora por conceptos fiscales.		67,70	
476. Organismos de la Seguridad Social, acreedores.	492,74	727,29	
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO.</b>	<b>40.259,75</b>	<b>44.414,82</b>	





**4. Cotas licenzas deportivas 2023. Aprobación, se procede.**

Non se presenta novas cotas de licenzas para o 2023 por ser ano electoral.

O Sr. Presidente informa aos asistentes do convenio que ten a FEGAXA cá FEDA debido ao Cto. Do Mundo celebrado no 2018 en Santiago de Compostela, conforme as cotas das licenzas abonadas tiña un 50% de desconto do prezo establecido; sendo este o último ano (2018 - 2022).

Na Asemblea da FEDA aprobarase unha subida dun 8% o prezo de todas as licenzas (deportistas, árbitros, adestradores, clubes, ...) para o 2023.

Non procede á aprobación xa que non se aporta ningún coste de licenzas.

**5. Proposta modificación liga galega. Análise da liga galega e outras competicións por equipos.**

Recibidas unhas propostas por parte de entidades deportivas e xogadores pertencentes á Asemblea, solicítase que un dos asinantes destas modificacións exponga, brevemente, motivos e configuración para a liga galega.

Recálcase que aínda está por aplicar a última modificación aprobada pola Asemblea da Liga Galega para a tempada 2023: 4 grupos na Primeira División que, debido a pandemia, quedou suspendida.

D. Antonio Nieto Velado presenta aos asistentes as propostas debido ao aumento de participación do número de equipos nas diferentes categorías con ampliación de participación na Terceira, Segunda e Primeira División. Pero na División de Honra (preferente), atendendo a un estudio realizado dos últimos 10 anos, os equipos que participan son os mesmos sendo moi difícil para o equipo que ascenda de Primeira División manter a categoría máis dunha tempada. Polo que unha das propostas sería ampliar a dous grupos a máxima categoría da Liga Galega dando opción a que equipos filiais poidan xogar.

Os xogadores que participan na Liga buscan o obxectivo de poder xogar na máxima categoría galega (División de Honra), pero é complicado debido ao número de taboleiros actual (6) principalmente, a nivel económico polos desprazamentos e polo nivel de xogadores que se está a manexar nestos últimos anos.

D. Francisco Javier García Veiras pregunta se esas modificacións serían para a Liga 2023 ou 2024.

D. Angel Fco. Vilas Fernández explica que para poder levar a cabo esas modificacións, sería a Asemblea quen tería que aprobar esas propostas, quedando constancia das mesmas e así poder añadilas na orde do día da Asemblea correspondente e poder levar a cabo as votacións pertinentes.

D. Antonio Nieto Velado propón "democratizar" a División de Honra para que todos os equipos teñan opción de poder xogar na mencionada categoría, xa que hubo renuncias de equipos a xogar na División de Honra por ter que alinear a 6 xogadores.

D. Ángel Fco. Vilas Fernández deixa claro aos asistentes que non procede a votación das propostas que se presenten na Asemblea sobre a modificación da estrutura da Liga Galega, xa que non ven reflexado na orde do día; e non se levarán a cabo para a tempada 2023 xa que xogouse cunhas condicións. Estudiaranse todas as propostas que se plantexen.

D. Pablo Castro Girona informa que nas Ligas Nacionais na Segunda división xógase a 5 taboleiros (cunha xogadora), a Primeira División e División de Honra xógase a 6 taboleiros.

Tamén pregunta á Secretaria Xeral da Federación do número de equipos con praza de ascenso que renunciaron á mesma.

Según os datos dos últimos anos, o único equipo que renunciou, incluso este ano a xogar o Play-Off de ascenso, foi a SD Club Marcote; non tendo constancia doutros equipos.





Debátese entre os asistentes o plantexado por D. Antonio Nieto Velado: redución do número de taboleiros (de 6 a 4) e aumento do número de equipos na División de Honra divididos en dous grupos reducindo o número de xornadas.

D. Francisco J. García Veiras deixa constancia da situación vivida no Play Off de División de Honra e Primeira División ao non concretar previamente a Asemblea as condicións regulamentarias do mesmo. Concretamente o encontro entre o Círculo Ferrolano B – Alexandre Bóveda A pola praza de ascenso. O Círculo Ferrolano B gañou o ascenso pero ao non poder subir por gañar o filial (Círculo Ferrolano A) a praza de permanencia na División de Honra, ascende o Alexandre Bóveda A.

Según estipula o Regulamento Xeral de Competicións se existe incompatibilidade de que un campión de grupo non poida ascender a División de Honra por ter xa un filial, sería o 2º clasificado de ese grupo quen ascendería á máxima categoría galega. O que plantexa sería modificar o regulamento, xa cá liga acabada, para evitar que o 2º clasificado, neste caso, ascenda por non xogar o Play Off. Ou que os dous equipos (Alexandre Bóveda e Escola Xadrez Sigrás) se enfrenten entre eles para saber qué equipo ascende....

A Federación Galega de Xadrez no caso dos Play Off aplicou "por analoxía" os artigos do Regulamento Xeral de Competicións a non haber nada estipulado para esa competición. Apricando o 2.1 onde ascende o Alexandre Bóveda por ser 1º clasificado do Grupo B de Primeira División anque haxa perdido o encontro de ascenso.

D. Jose Mª Dorado Reboredo pregunta á Federación, unha vez presentadas todas as propostas, qué vai facer: enviar unha enquisa a todos os clubs (División de Honra, Primeira e Segunda División)?

Debátese entre os asistentes as propostas que debería levar a enquisa e os clubs aos que se enviarían as mesmas.

Finalmente a enquisa levaría as seguintes propostas:

- Reducción dos taboleiros na División de Honra de 6 a 4.
- Aumento do número de equipos na División de Honra: de 12 a 16 equipos.
- Alineación dun taboleiro feminino.
- Alineación dun taboleiro xuvenil.

E se enviarían aos clubs que, actualmente, teñen equipos na División de Honra e Primeira División.

Unha vez que se teña as respostas, convocaríase unha Asemblea para levar os resultados da enquisa realizada e se votarían as mesmas para realizar uns proxectos deportivos incrementando, progresivamente, as modificacións aprobadas.

## 6. Rogos e preguntas.

D. Daniel Codesido Sánchez propón:

- Crear unha Comisión, ou pode ser a Comisión Delegada, que recolla ideas tanto dos asembleístas coma do resto dos clubs.
- Unha persona da Xunta Directiva se faga responsable de supervisar a organización e a realización correcta da Liga Galega.
- Creación de categorías por idades na Liga: xuvenís, infantís...
- Uniformidad dos equipos participantes da Liga Galega.
- Recuperar o Campionato Galego Escolar del Xogade.
- Realizar no 1º trimestre do ano un Campionato Galego de Colexios xa que estase a realizar o Campionato de España de Colexios.



D. Francisco J. García Veiras propón modificar o artigo onde se solicitan aos dous equipos a enviar o acta cando o resultado do encontro xogado é 4-0 ou 0-4.

D. Lino Hermida Araújo solicita reducir o prazo de rexistro e confirmación dos resultados da Liga Galega para poder realizar/enviar as crónicas dos encontros xogados; e tamén propón endurecer as sancións ás incomparecencias, con sancións económicas.

D. Daniel Codesido Sánchez propón realizar a reunión da Comisión Delegada os Sábados, xa que ao ser os venres pola tarde ao traballar non lle dá tempo de asistir ás mesmas.

D. Jose C. Pena Torres informa que o Club La Algalia prestou ao organizador do Torneo Albariño 40 tableiros porque según explicoulle, a Federación cobra un aluguer polo material prestado. É así?

A Federación Galega de Xadrez publicou os prezos de aluguer de material (a través de circular) para os clubs que precisaran material para a organización dos seus eventos. Có Covid xa non se presta material e con todas as subvencións que hubo ata agora, un clube ten opcións de mercar material.

D. Diego A. Espiñeira González propón que a última xornada de División de Honra se xogue nun único local de xogo facilitando a información de resultados dos outros equipos e levando a cabo a retransmisión das partidas. Xa que na última xornada todos os equipos levarían 5 xornadas como locais e 5 xornadas como visitantes.

Ao non haber nada máis que tratar, levántase a sesión ás 19:10 horas.



D<sup>a</sup> Raquel Calleja Modia  
Secretaria FEGAXA



Vº e prace:



D. Gaspar Pérez Carnero  
Presidente FEGAXA

